



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 24 de maio de 2018**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e catro de maio de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(544).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 14 de maio de 2018. . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(545).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL ENTRE OS MESES DE XANEIRO E MARZO DE 2018. EXPTE. 152894/301.**

Dáse conta do informe-proposta de data, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social

Cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de: **xaneiro-marzo 2018.**

**DEPARTAMENTO: BENESTAR SOCIAL FUNCIONAL: 2310 / 2018**

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
27/02/18	REPARACIONES EDIF. M. VALTERRA	2120002	201800021077	32.670,00	MARS S.C.G. MANTENIMIENTO, RECUPERACIÓN Y SERVICIOS
26/01/18	MENTENEMENTO, INTALACIONES E SISTEMAS 2018	2130001	201800010157	2,500,00	VARIOS
26/01/18	REPARACION E MANTENIMIENTO MOBILIARIO	2150000	201800009933	500,00	VARIOS
26/01/18	MATERIAL ORDINARIO NON INVENTARIABLE	2200000	201800009477	500,00	VARIOS
19/01/18	LIBROS E OUTRAS PUBLICACIONES	2200100	201800009926	2.700,00	VARIOS
26/01/18	SUMINISTROS	2219900	201800009478	1.000,00	VARIOS
19/01/18	SERVIZOS POSTAIS E DE MENSAXERIA	2230000	201800006344	9.000,00	VARIOS
19/01/18	SERVIZOS POSTAIS E DE MENSAXERÍA	2230000	201800006345	10.000,00	VARIOS
15/01/18	DIFUSIÓN DE PROGRAMAS SOCIAIS	2260200	201800007470	10.000,00	VARIOS
05/02/18	ACTIVIDADES MAIORES "Viaxa e coñece 2016"	2260902	201800011744	6.000,00	AUTOCARES LA FLORIDA, SAL
7/02/18	ACTIVIDADES MAIORES" TALLER "MOVEMENTO SAUDABLE"	2260902	201800013604	1.512,00	SANDRA G. VERBA SZAERMAN
7/02/18	ACTIVIDADES MAIORES" TALLER "CANTA CON NOS"	2260902	201800016813	7.290,00	MIRIAM LAURA SANDOVAL GUIR
7/02/18	ACTIVIDADES MAIORES". OBRADOIROS "AXILIDADE MENTAL""	2260902	201800013720	9.180,00	MÓNICA CALVO SERRANO
7/02/18	ACTIVIDADES MAIORES . TALLERES "HUMOR POSITIVO, MENTE EN FORMA"	2260902	201800013723	9.720,00	PILAR LORENZO REPRESAS
08/02/18	ACTIVIDADES MAIORES .OBRADORIOS DE PILATES, SAUDE E DIVERSION, TERAPIA E MOVEMENTO VIVE BAILAND	2260902	201800013721	12.240,00	VÍCTOR GONZÁLEZ ROMERO
13/03/18	ACTIVIDADES MAIORES"XOGOTERAPIA"	2260902	201800014581	4.698,00	PATRICIA RIVAS GALLEGO
13/02/18	PROGRAMA MENORES "Proxecto Xin-Xin"	2260907	201800014639	12.000,00	CENTRO XUVENIL ABERTAL
15/02/18	PROGRAMA MENORES "Interv lúdica y social"	2270907	201800014855	8.696,00	PLAN COMUNITARIO DE TEIS
01/03/18	ELABORACION MEMORIA ANUAL 2017 DOS SERVICIOS SOCIAIS	2279900	201800020076	4.840,00	JUAN FERNÁNDEZ DURAN



## Concello de Vigo

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
12/03/18	REALIZACIÓN 20 INFORMES AVAILACION VIVENDAS	2279900	201800023399	6.534,00	ORLANDO ABIL-DUA CARPETILLO
29/01/18	MANTEMENTO EXTINTORES	2279906	201800010158	800,00	VARIOS
08/02/18	PLDA "MANTEMENTO ANUAL DA PÁXINA WEB DO PLDA	2279906	201800014095	871,20	VISUAL PUBLINET, S.L.
16/02/18	PLDA "IMPRESION, FOTOCOPIAS COLOR..."	2279906	201800014437	800,00	VARIOS
22/02/18	PLDA-Execución en valores	2279906	201800015645	19.789,00	CULTURALIA
21/02/18	PROGRAMA DIVIRTETE NO VERAN, XULL	2279909	201800014101	18.000,00	ASOC. XUBENIL ABERTAL
21/02/18	PROGRAMA VERAN DO LECER, AGOSTO 2018	2279909	201800015592	13.500,00	ASOC. GALEGA SAN FRANCISCO
27/02/18	COORDINACIÓN DA CAMPAÑA DA SENSIBILIZACIÓN. IMPORTANOS 2018	2279909	201800019853	10.105,08	JUAN FERNANDEZ DURAN
27/02/18	ACTIVIDADES DE TEATRO E CONTACONTOS. IMPORTANOS 2018	2279909	201800019854	4.000,00	VARIOS
08/02/18	PROGRAMA REDUCCION DANOS EN MEDIO ABERTO	2279909	201800014101	12.000,00	FUNDACION ERGUETE
06/03/18	ACTIVIDADES EDUCATIVAS PROXECTO DE SENSIBILIZACIÓN. IMPORTANOS 2018	2279909	201800022815	7.968,02	AMIGOS DA TERRA GALICIA-XUVENTUDE
26/01/18	MEDIACION INTERCULTURAL	2279917	201800009487	16.819,00	MARCELA CLAUDIA D'AMBROSIO
27/02/18	SERVIZO INTERPRETACIÓN TELEFÓNICA	2279917	201800017157	5.808,00	DUALIA TELETRADUCCIONES

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **3(546).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA «ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO (AECC) – XUNTA LOCAL DE VIGO» PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOSOCIAL Ó DOENTE ONCOLÓXICO E ÓS SEUS FAMILIARES – ANO 2018. EXPTE. 152293/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23/04/18 e o informe de fiscalización do 16/05/18, dáse conta do informe-proposta de data 23/04/18, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira delegada de Política Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. A «Asociación Española contra o Cancro – Xunta Local de Vigo» (AECC) é unha ONG de carácter benéfico asistencial sen ánimo de lucro que ten como fin principal a atención ó doente oncolóxico e ós seus familiares así como á poboación xeral mediante actividades de investigación, divulgación, prevención, formación e de carácter sanitario ou asistencial.

II. Os principais servizos cos que conta son:

- Departamento de psicoloxía
- Departamento de traballo social
- Departamento de coidados paliativos
- Departamento de voluntariado
- Departamento de xuventude
- Departamento de administración.

Dispón para o efecto dos seguintes recursos humanos: psicólogas, traballadoras sociais, informático e administrativos.

Tendo en conta as repercusións físicas, psicolóxicas e sociais derivadas do diagnóstico e tratamento do cancro, puxo en marcha a finais do ano 1990 o programa de atención psicolóxica.

III. A Concellería de Política Social recibiu unha gran demanda para a atención psicolóxica e social dos doentes oncolóxicos e os seus familiares. Para responder a esa demanda propónse a sinatura dun convenio de colaboración coa AECC para o desenvolvemento do “*Programa de atención psicosocial ó doente oncolóxico e ós seus familiares*” mediante o que se atenderán a 25 doentes oncolóxicos e a 25 familiares (empadroados en Vigo), derivados pola Concellería de Política Social.

IV. O convenio estará VIXENTE durante o ano 2018 cun orzamento total de 7.000 € (aplicación nº 2310.480.00.10 – *Convenio Asociación contra o cancro*).

V. Tal como se recolle expresamente na proposta de Convenio coa AECC sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*» e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

En consecuencia, visto o que antecede, o informe da técnica responsable do Programa, a orde de inicio de expediente da concellería delegada da Área de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,



## Concello de Vigo

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social e a «Asociación Española contra o cancro (AECC) – Xunta Local de Vigo» (CIF G-28197564), para a execución dun programa de atención psicosocial ó doente oncolóxico e ós seus familiares – ano 2018.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 7.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.10 -*Convenio Asociación contra o cancro*– do orzamento vixente.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO” (XUNTA LOCAL DE VIGO) PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOSOCIAL Ó DOENTE ONCOLÓXICO E ÓS SEUS FAMILIARES – ANO 2018».

En Vigo, na Casa do Concello, o ..... de 2018

### COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaria de Goberno Local, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> de los Ángeles Pazos Crespo, con DNI nº 35.217.915-Q, Presidenta da “Asociación Española contra o cancro” (AECC) – Xunta Local de Vigo, CIF nº G-28197564, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Ronda de Don Bosco nº 41, baixo, Oficina 5, CP 36202 Vigo.

### INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> de los Ángeles Pazos Crespo, actuando en representación da AECC – Xunta Local de Vigo, segundo así resulta da documentación achegada ó expediente, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

#### EXPOÑEN

I.- Que a AECC é unha institución con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, de carácter benéfico asistencial e sen ánimo de lucro. Foi constituída en 1953 co propósito de loitar contra o cancro en todas as modalidades coñecidas ou que se coñezan no futuro, mediante o desenvolvemento de funcións e actividades de divulgación, prevención, investigación, formación e de carácter sanitario ou asistencial.

En 1966 foi inscrita co nº 3827 no Rexistro Nacional de Asociacións e declarada de utilidade pública en 1970. Figura tamén actualmente inscrita co nº E-779 no “Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos sociais” (RUEPSS), dependente da Consellería de Traballo e Benestar. Ten a súa sede central en Madrid e desenvolve a súa actividade en toda España a través das 52 xuntas provinciais con representación en máis de 2.000 localidades no conxunto do Estado.

A AECC está constituída por voluntarios, socios e persoal contratado que, cun proxecto conxunto, dirixen todos os esforzos, eficacia e axilidade á hora de detectar necesidades e prioridades de actuación.

II.- Que, a fin de mellorar a calidade de vida das persoas diagnosticadas de cancro e das súas familias e de que poidan acadar unha vida normalizada, a AECC desenvolve, entre outros, programas de atención psicosocial así como de prevención e sensibilización destinadas á poboación xeral.

Os obxectivos específicos perseguidos con este tipo de programas son os de minimizar as alteracións emocionais derivadas do proceso da enfermidade e/ou tratamento, contribuír a recuperar o nivel de funcionamento persoal previo á enfermidade, favorecer a integración social do enfermo no seu contorno inmediato e a reincorporación ó mercado laboral, promover a posta en marcha de estratexias de afrontamento activo, orientalo na busca de recursos sociais, etc.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas e familias na cidade que teñen a necesidade de acudir a este tipo de programas para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, constitúe un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.



## Concello de Vigo

IV.- Que de acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»*; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das faendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial

vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

#### ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da AECC – Xunta Local de Vigo para a execución dun Programa de atención psicosocial ó doente oncolóxico e ós seus familiares durante o ano 2018.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo, a través da súa Concellería delegada de Política Social, e a AECC comprométese a colaborar activamente na execución deste Programa que, co obxectivo xeral de mellorar a calidade de vida das persoas diagnosticadas de cancro e das súas familias, inclúe a previsión de programas específicos de intervención psicolóxica individual, grupal e social, actividades de ocio e tempo de lecer, programas de voluntariado testemuñal, de inserción laboral etc.

TERCEIRA.- A AECC comprométese tamén a:

- a) Someterse á normativa vixente en cada momento en materia de sanidade, seguridade e riscos laborais, tanto para as persoas usuarias do Programa como para o seu persoal, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.
- b) Atender a través do programa psicosocial a 25 doentes oncolóxicos e a 25 familiares de doentes derivados pola Concellería de Política Social e que se atopen empadroados en Vigo.

CUARTA.- O Programa levarase a cabo durante o ano 2018. O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á entidade AECC unha subvención por importe de





## Concello de Vigo

7.000 € prevista nominativamente nos seus Orzamentos (aplicación nº: 2310.480.00.10 – *Convenio Asociación contra o cancro*).

Os pagamentos correspondentes efectuaranse do seguinte xeito:

- 1) Un 50% á sinatura do convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- 2) O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 01 de novembro do ano 2018, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e Memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

QUINTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

SEXTA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

OITAVA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da AECC e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área.

NOVENA.- A AECC poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMA.- A beneficiaria deberá xustificar antes do 01 de novembro de 2018 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A documentación da conta xustificativa deberá **achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo ( <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela** e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:
  1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.
  2. Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
  3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
  4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.



## Concello de Vigo

- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a VIXENCIA deste convenio, que será o 2018.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

**Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).**

DÉCIMO SEGUNDA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO QUINTA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do

proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO SÉTIMA.- A AECC queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP e na LRXSP e, especificamente, na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.

DÉCIMO OITAVA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

**4(547).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN UNICEF – COMITÉ ESPAÑOL (C.A. DE GALICIA) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO: “ACCESO Á EDUCACIÓN EN SIRIA: APRENDER NO MEDIO DA DESTRUCCIÓN”.EXPTE. 148974/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 22/05/18, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira delegada de Política Social e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME



## Concello de Vigo

I.1. Mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 03.08.2017, concedeuselle á Fundación UNICEF – Comité Español (C.A. de Galicia) unha subvención directa por importe de 20.000€ para o desenvolvemento dun proxecto de distribución de subministrados básicos escolares e de lecer para a infancia en Siria, de acordo co documento e a proposta presentada ó Concello de Vigo: “ACCESO Á EDUCACIÓN EN SIRIA: APRENDER NO MEDIO DA DESTRUCCIÓN” (Exp. nº 143342/301).

I.2. A concesión desta subvención directa rexéase polas Estipulacións particulares establecidas no acordo de concesión. En concreto, na Estipulación 7ª prevese o sistema de xustificación da axuda nos seguintes termos:

*«7ª.- Xustificación: ó abeiro do previsto tanto na Base nº 38 das de execución dos Orzamentos municipais como na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas do proxecto humanitario de UNICEF en Siria, establécese un réxime especial de xustificación. A xustificación que se entregará no Rexistro xeral municipal, antes do 15 de novembro de 2017, como comprobante da recepción e correcta execución dos fondos incluirá os seguintes documentos:*

- Documento xustificativo da transferencia de fondos desde o Comité Español de UNICEF, con indicación expresa do doante, a cantidade e o proxecto ó que se destinan.*
- Certificado de recepción de fondos emitido pola central de UNICEF en Nova York, onde se reflicte o tipo de cambio.*
- Certificado da subvención recibida asinado pola directora de Administración e Finanzas de UNICEF – Comité español, detallando o proxecto ó que se destinan os fondos.*
- Ficha – resumo da situación de emerxencia.*

*No primeiro trimestre do 2018 entregárase un informe narrativo consolidado da acción de emerxencia levada a cabo na anualidade de 2017.*

*A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións».*

I.3. A representante da entidade beneficiaria (Fundación UNICEF – Comité Español – C.A. de Galicia) presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo (COD. SOLICITUDE: W255137-3742; Exp. nº 148974/301) a documentación administrativa xustificativa da subvención prevista para o ano 2017, integrada por:

*«- Certificado de la subvención recibida firmado por el director de Administración y Finanzas de UNICEF Comité Español, detallando el proyecto al que se destinan los fondos. (Concello Vigo 2017 20.000 Emerg.Siria.pdf). Hash: 16db99187ee5e9ddaf43e0d789916973e58fb1d7*

*- Official Receipt: Certificado de recepción de fondos emitido por la central de UNICEF en Nueva York, donde se refleja el tipo de cambio. (OFFICIAL\_RECEIPT\_Vigo2017.pdf). Hash: 1239224dae3a01e22ab9b8176c453d1fd84f1bec*

- *Remittance Advice: Documento justificativo de la transferencia de fondos desde el Comité Español, con indicación expresa del donante, la cantidad, y el proyecto al que se destinan los fondos. REMITTANCE\_ADVICE\_Vigo2017.pdf*). Hash: bc2c100b7fb55f721891355f57-fb4499d847b89f

- *Ficha actualizada de la situación Humanitaria en Siria (Actualización Informe Diciembre 2017.pdf)*. Hash: ddd032c27136fc1944152342f7a1a2f7b66df147».

I.4. Verificado o contido desta documentación, a mesma resultou estar completa e cumprir co disposto na Estipulación 7ª do acordo de concesión.

I.5. Tal como nela se sinalaba, no primeiro trimestre de 2018 a beneficiaria debía presentar un informe narrativo consolidado da acción de emerxencia levada a cabo na anualidade de 2017.

I.6. En data 21.03.2018, a representante da entidade beneficiaria presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo (COD. SOLICITUDE: W266633-8626; Exp. nº 143342/301) a 2ª parte da documentación administrativa xustificativa da subvención, integrada por:

- Certificación asinada con data 14.03.2018 pola presidenta da Fundación UNICEF – C.A. de Galicia acreditativa de que o proxecto subvencionado realizouse na súa totalidade e os fondos aplicáronse ó fin previsto (*Certificado de finalización del proyecto Certificado\_aplicacin\_fondos\_C\_Vigo.pdf*). Hash: acb8edc5ad8d597cdba-dd0a1754a6edf5689e88b).
- Informe narrativo consolidado da acción de emerxencia levada a cabo por UNICEF en Siria en 2017 (*Informe Consolidado 2017. Emergencia de Siria Informe Consolidado\_EmergenciaSiria\_UNICEF.pdf*). Hash: cfefa7a6ee717652b4532d845-bb89ef49ea474e8).

I.7. Polo exposto, enténdese correcta e totalmente xustificada a subvención directa por importe de 20.000€ concedida con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“Axuda o tercer mundo”) dos orzamentos de 2017 á Fundación UNICEF – Comité Español - C.A. de Galicia (CIF G-84451087) para o desenvolvemento do proxecto de distribución de subministrados básicos escolares e de lecer para a infancia en Siria: “ACCESO Á EDUCACIÓN EN SIRIA: APRENDER NO MEDIO DA DESTRUCCIÓN” (Exp. nº 143342/301).

I.8. Remitido o expediente á Intervención xeral municipal o 18.04.2018, en data 09.05.2018 emítase informe de fiscalización de conformidade, indicando a necesidade de que a representante legal da beneficiaria asine un dos documentos presentados (“CIERRE XUSTIFICACIÓN: Proxecto Acceso á educación en Siria. Aprender en medio da destrucción”) e de que o Servizo Xestor (Benestar Social) realice unha “propuesta de aprobación da conta xustificativa á Xunta de Goberno Local, que é o órgano concedente da subvención”.

## II. PROPOSTA DE ACORDO

Subsanada xa a omisión daquela sinatura no novo documento presentado o 16.05.2018 no Rexistro electrónico municipal (“Informe Consolidado\_firma (Informe Consolidado\_EmergenciaSiria\_UNICEF\_signed.pdf). Hash:



## Concello de Vigo

2df5dc514ef288a4091432da7c4cfda83c791aeb”; Doc. nº 180076096) e asinado dixitalmente na mesma data pola presidenta do Comité de Galicia de UNICEF, D<sup>a</sup> Myriam Garabito Cociña (trámite nº 38 do Exp. nº 148974), sométese agora á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 03.08.2017 á Fundación UNICEF – Comité Español (C.A. de Galicia) por importe de 20.000€ para o desenvolvemento dun proxecto de distribución de subministrados básicos escolares e de lecer para a infancia en Siria: “ACCESO Á EDUCACIÓN EN SIRIA: APRENDER NO MEDIO DA DESTRUCCIÓN”.

SEGUNDO: Os documentos integrantes desa conta xustificativa son os seguintes:

- Certificado da subvención recibida asinado polo director de Administración e Finanzas de UNICEF Comité Español, detallando o proxecto ó que se destinan os fondos. (Concello Vigo 2017 20.000 Emerg.Siria.pdf). Hash: 16db99187ee5e9ddaf43e0d789916973e58fb1d7
- Official Receipt: Certificado de recepción de fondos emitido pola central de UNICEF en Nova York, onde se reflicte o tipo de cambio. (OFFICIAL\_RECEIPT\_Vigo2017.pdf). Hash: 1239224dae3a01e22ab9b8176c453d1fd84f1bec
- Remittance Advice: Documento xustificativo da transferencia de fondos desde o Comité Español, con indicación expresa do doante, a cantidade, e o proxecto ó que se destinan os fondos. REMITTANCE\_ADVICE\_Vigo2017.pdf). Hash: bc2c100b7fb55f721891355f57fb4499d847b89f
- Ficha actualizada da situación Humanitaria en Siria (Actualización Informe Diciembre 2017.pdf). Hash: ddd032c27136fc1944152342f7a1a2f7b66df147.
- Certificación asinada con data 14.03.2018 pola presidenta da Fundación UNICEF – C.A. de Galicia acreditativa de que o proxecto subvencionado realizouse na súa totalidade e os fondos aplicáronse ó fin previsto (*Certificado de finalización del proyecto Certificado aplicacin fondos\_C\_Vigo.pdf*). Hash: acb8edc5ad8d597cdbadd0a1754a6edf5689e88b).
- Informe narrativo consolidado da acción de emerxencia levada a cabo por UNICEF en Siria en 2017 (*Informe Consolidado 2017. Emergencia de Siria Informe Consolidado Emergencia Siria UNICEF.pdf*). Hash: cfefa7a6ee717652b4532d845bb89ef49ea474e8)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(548).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE APLICACIÓNS PROPIEDAD DE TERCEIROS (ESTADÍSTICA). EXPTE. 8440/113.**

Dáse conta da proposta asinada con data 21/05/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (estadística) (8.440-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (estadística) (8.440-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador
1	T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Acordo**





## Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **6(549).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS APLICACIÓNS INFORMÁTICAS DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS E NÓMINAS POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. EXPTE. 8470/113.**

Dáse conta da proposta asinada con data 21/05/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 10.- Propostas de clasificación

b) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión de recursos humanos e nóminas por procedemento negociado sen publicidade (8.470-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión de recursos humanos e nóminas por procedemento negociado sen publicidade (8.470-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador
1	SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. - SAVIA

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. - SAVIA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP (“o licitador deberá acreditar a propiedade do código fonte da aplicación Ginpix7”).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **7(550).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR JOSÉ FRAU RUÍZ. EXPTE. 4961/440.**

Dáse conta da proposta asinada con data 21/05/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 10.- Propostas de clasificación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 15 de febreiro de 2018, polo que non se admite neste procedemento a EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. por non ter presentado correctamente a declaración responsable incluída no Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais o 15 de maio de 2018.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440) na seguinte orde descendente:

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	96,07
2	ORESA, S.L.	95,63
3	ORECO, S.A.	88,15
4	ELSAMEX, SA	86,95
5	COPCISA, S.A.	85,64



## Concello de Vigo

6	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	82,45
7	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	79,84
8	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	78,79

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 819,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **8(551).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PRA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA AVENIDA ATLÁNTIDA. EXPTE. 5105/440.**

Dáse conta da proposta asinada con data 21/05/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 10.- Propostas de clasificación

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida Atlántida (5.105-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 19 de febreiro de 2018, polo que non se admitiu a CONSTRUCCIONES VALE, S.L. neste procedemento por ter presentado a súa proposición fóra do prazo de presentación de ofertas sen que se tivese constancia do anuncio de remisión da oferta no mesmo día da súa presentación na oficina de Correos, como esixe o artigo 80.4 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

Segundo.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIÓN FECHI, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida Atlántida (5.105-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	NAROM, S.L.	92,70
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,44
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	92,16
4	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	92,08
5	ORESA, S.L.	91,92
6	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI, S.L.)	89,60
7	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	89,44
8	COPCISA, S.A.	88,80
9	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A.)	87,98
10	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	87,38
11	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.	86,76
12	ELSAMEX, S.A.	86,75
13	UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES COVELO - SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	85,83
14	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	80,00

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.009,84 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.



## Concello de Vigo

### 9(552).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL DO CONCELLO DE VIGO E ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 386/242.

Visto o informe de fiscalización de data 15/05/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 15 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (386-242)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (386-242)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 26 de abril de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (386-242) na seguinte orde descendente:*

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	91,06
2º	MAPFRE ESPAÑA, S.A.	90,03

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 7 e 19 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán presentar a documentación para acreditar a habilitación profesional esixida (“Se achegará certificación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e autorización para operar no sector de seguros de responsabilidade civil, agás as excepcións previstas na normativa sectorial vixente”).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.684,25 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., o día 27 de abril de 2018, que presenta a documentación requirida o 9 e 14 de maio de 2018, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 15 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de data 19 de abril de 2018.



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., o procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (386-242) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 370.000 euros (exento de IVE).*
- b) *Propón unha redución do importe da franquía sobre o mínimo establecido na cláusula 9 do PPT de 1.000 euros.*
- c) *Propón o seguinte incremento nos límites e sublímites sobre o mínimo establecido na cláusula 5.1 do PPT:*

Límite/sublímite	Incremento
Sublímite por vítima para responsabilidade civil patronal	150.000,00 €
Límite xeral por sinistro	5.000.000,00 €
Límite xeral por anualidade	15.000.000,00 €
Sublímite prexuízos patrimoniais puros	950.000,00 €

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(553).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NOS SERVIZOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO LOCAL NO MES DE XANEIRO DE 2018. EXPTE. 15286/77.**

Dáse conta do informe-proposta de data 18/05/18, asinado polo xefe do Servizo de Participación Cidadá e o concelleiro delegado da Área, que di o seguinte:

Con fin de dar cumprimento ao establecido nas bases xerais (31ª) de execución do orzamento do Concello de Vigo, este concelleiro delegado informa á Xunta de Goberno Local dos **expedientes de contrato menor** tramitados por este servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local no mes de xaneiro de 2018:

<b>Expediente</b>	<b>Tipo</b>	<b>Asunto</b>	<b>Adjudicatario</b>	<b>Importe</b>
14840/77	CM-SER	Gastos diversos do obradoiro de emprego Vigo Capacita IV	Xenérico	2600 €
14848/77	CM-SER	Servizo mantemento de base de datos dos usuarios de emprego	Hermes sistemas, SL	5140,08 €
14942/77	CM-SER	Contratar un curso a impartir de "Creación de empresas" do O.E. Formaweb	Aula Estudio Formación Práctica S.L.	600 €
14989/77	CM-SER	Gastos diversos do obradoiro de emprego Formaweb	Xenérico	1272,75 €
15000/77	CM-SUB	Contrato menor suministros información e publicidade: Vigo Integra V	Xenérico	5000 €
15001/77	CM-SUB	Contrato menor suministros consumibles Vigo Integra V	Xenérico	5000 €
15002/77	CM-SUB	Contrato menor suministros, material e outros Vigo Integra V	Xenérico	6000 €
15003/77	CM-SER	Contrato servizo aluguer inmobles Vigo Integra V	Xenérico	4500 €
15004/77	CM-SER	Contrato servizo aluguer equipos informáticos Vigo Integra V	Xenérico	10000 €
15005/77	CM-SER	Formación Pieg Vigo Integra V: curso de dinamización de actividades de tempo libre	Divino Maestro Formación	11400 €
15006/77	CM-SER	Formación Pieg Vigo Integra V: curso xestión de almacén	Ara Negocios, S.L.	5250 €
15007/77	CM-SER	Formación Pieg Vigo Integra V: cursos de plataformas elevadoras e manexo de ponte guindastre	Forgal Formación S.L.	1700 €
15022/77	CM-SER	Formación Pieg Vigo Integra V: cursos de selección de pesoal, emprego no estranxeiro, ferramentas para o emprego e alfabetización informática	AeVigo	1850 €
15025/77	CM-SER	Formación Pieg Vigo Integra V: cursos de manipulador de alimentos e carretillero	Ara Negocios, S.L.	3350 €
15026/77	CM-SER	Formación Pieg Vigo Integra V: curso de impresión 3D	Rysia	3037,50 €
15027/77	CM-SER	Formación Pieg Vigo Integra V: curso de piloto oficial de drones	Lusant Formación	8900 €
15028/77	CM-SER	Formación Pieg Vigo Integra V: manexo TPV na xestión de almacén	AeVigo	2359,50 €





## Concello de Vigo

Expediente	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Importe
15029/77	CM-SER	Formación Pieg Vigo Integra V: curso de panadería/pastelería	Aproinppa	16200 €
15034/77	CM-SER	Contrato servizo mantemento aplicativo de xestión Vigo Integra V	AeVigo	1996,50 €
15035/77	CM-SER	Contrato servizo mantemento e actualización páxina web Vigo Integra V	AeVigo	1270,50 €
15039/77	CM-SER	Aluguer equipos informáticos e multimedia para o obradoiro de emprego Vigo Capacita IV	Xenérico	1900 €
15040/77	CM-SUB	Subministro consumibles informáticos para os programas de emprego	Xenérico	5000 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **11(554).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL, BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1 D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, TREBEP, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES, PARA A ÁREA DE CULTURA. EXPTE. 31682/220.**

Visto o informe de fiscalización do 03/05/18, dáse conta do informe-proposta do 30/04/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

1.- Con data 21/03/2018, o Concelleiro-delegado da Área de Cultura, remite oficio manifestando a urxente necesidade dun/dunha auxiliar de administración xeral para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 23/03/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha auxiliar administrativo/a por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 27/04/2018, emítase polo Técnico de organización e planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

**"FD CUARTO.-**

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez he-*



## Concello de Vigo

*cha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”***

### **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa

na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito do Concelleiro delegado da Área de Cultura, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 21/03/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### **IV. - Proposta de gasto:**

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha auxiliar administrativo/a para a Área de Cultura, supón un gasto de **11.432,99 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **3.509,94 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa



## Concello de Vigo

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

### V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de auxiliar de administración xeral, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D<sup>a</sup> Eva Álvarez Alonso, con DNI \*\*\*\*709-W**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

A mesma aceptou expresamente mediante escritos de data 26/04/2018 optar ao referido nomeamento interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

### VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **auxiliar administración xeral**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Área de Cultura contidas no escrito do 21/03/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **11.432,99 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D<sup>a</sup> Eva Álvarez Alonso, con DNI \*\*\*\*709-W**, na súa condición de seguinte aspirante nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 138-auxiliar), sendo adscrito/a ao Servizo de Cultura, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeado/as, ao Concelleiro da Área de Cultura, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(555).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE TRES OFICIAIS SEPULTUREIROS/AS, BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1 D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, TREBEP, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES, PARA O SERVIZO DE CEMITERIOS. EXPTE. 31786/220.**

Visto o informe de fiscalización do 03/05/18, dáse conta do informe-proposta do 15/05/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**



## Concello de Vigo

1.- Con data 09/04/2018 o Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de tres oficiais sepultureiros/as por mor da situación existente no Servizo de Cemiterios e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 12/04/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de tres oficiais sepultureiros/as por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 03/05/2018, emítase polo Técnico de Organización e Planificación, informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

#### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

**"FD CUARTO.-**

*(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”***

## **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de





## Concello de Vigo

polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 205-Oficial Sepultureiro/a, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito de data 09/04/2018, do Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 12/04/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e

sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición de data 12 de setembro de 2017, o Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, que figura no expediente.

#### **IV. - Proposta de gasto:**

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de tres oficiais sepultureiros/as para o servizo de cemiterios, supón un gasto de **35.627,01 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **13.039,56 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capítulo I de gastos.

#### **V. - Verificación das listas de reserva:**

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficial Sepultureiro, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D. Alberto Cabaleiro Caramés, con DNI \*\*\*\*\*641-B, D. Pedro Javier Costas Rey, con DNI \*\*\*\*\*963-N e D. Fidel Ramos García, con DNI \*\*\*\*\*884-Q**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Todos eles aceptaron expresamente mediante escritos de data 25 e 27/04/2018, optar aos referidos nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

#### **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e



## Concello de Vigo

condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como oficiais sepultureiros/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades de servizo de cemiterios, que constan no escrito de data 09/04/2018, do Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **35.627,01 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D. Alberto Cabaleiro Caramés, con DNI \*\*\*\*\*641-B**, **D. Pedro Javier Costas Rey, con DNI \*\*\*\*\*963-N** e **D. Fidel Ramos García, con DNI \*\*\*\*\*884-Q**, na súa condición de seguintes aspirantes e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 205-Oficial Sepultureiro/a, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), sendo adscrito ao Servizo de Cemiterios, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido segundo as necesidades, pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida, ou a quendas; garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, á Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(556).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL, BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1 D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, TREBEP, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES, PARA O SERVIZO DE CONTRATACIÓN. EXPTE. 31791/220.**

Visto o informe de fiscalización do 16/05/18, dáse conta do informe-proposta do 04/05/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- Con data 13/04/2018, a Xefa do Servizo de Contratación, co conforme do Concelleiro-delegado de Contratación, remiten oficio manifestando a urxente necesidade dun/dunha auxiliar de administración xeral para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 13/04/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha auxiliar administrativo/a por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 03/05/2018, emítese polo Técnico de organización e planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).



**Concello de Vigo**

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

#### **"FD CUARTO.-**

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la*

*función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

## **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno



## Concello de Vigo

Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito da Xefa do Servizo de Contratación, co conforme do Concelleiro-delegado de Contratación, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 13/04/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### **IV. - Proposta de gasto:**

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha auxiliar administrativo/a para o Servizo de Contratación, supón un gasto de **11.432,99 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **3.509,44 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

### **V. - Verificación das listas de reserva:**

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de auxiliar de administración xeral, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D. José Manuel García Villasante, con DNI \*\*\*\*\*285-G**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

O mesmo aceptou expresamente mediante escrito de data 30/04/2018 optar ao referido nomeamento interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

#### **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **auxiliar de administración xeral**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Contratación contidas no escrito do 13/04/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **11.432,99 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D. José Manuel García Villasante, con DNI \*\*\*\*\*285-G**, na súa condición de seguinte aspirante nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 138-auxiliar), sendo adscrito/a ao Servizo de Contratación, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións





## Concello de Vigo

noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeado/as, á Xefa do Servizo de Contratación, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(557).- RECTIFICACIÓN DE ERROS EN ANUNCIO DO BOP DA OEP 2014, 2015 E 2016. EXPTE. 32033/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 21/05/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

### **Antecedentes**

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 21 de marzo de 2018, aprobou as bases reitoras e convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2014, 2015 e 2016 (expte 31295-220), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 60 de data 26 de marzo de 2018.

Segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas as Administracións Públicas, tanto de oficio como a instancia de parte, poderán en calquera momento rectificar os erros materiais, aritméticos ou de feito existentes nos seus propios actos.

Detectado os erros materiais que se expoñen a continuación, debe procederse á corrección dos mesmos. Así:

No apartado 15.- Oficial de Policía Local, na Base VII.- Baremo para o concurso de méritos, apartado 1.- relativo ás titulacións académicas. Dispón que:

“1. Titulacións académicas . As titulacións para baremar serán as seguintes:

Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente: 3,00 puntos.

Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos.

A puntuación máxima deste epígrafe 1, é de 4 puntos.

Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría a que se aspira, e si as adicionais no caso de que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio estatal, deberá achegar o/a aspirante a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que esta se estableza e, se é o caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.”

Onde debe constar:

“1. Titulacións académicas . As titulacións para baremar serán as seguintes:

Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente: 3,00 puntos.

Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos.

Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 puntos.

Bacharel, técnico ou equivalente. 0,50 puntos.

A puntuación máxima deste epígrafe 1, é de 4 puntos.

Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría a que se aspira, e si as adicionais no caso de que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, aos efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.



## Concello de Vigo

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio estatal, debendo achegar o/a aspirante a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que esta se estableza e, se é o caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.”

O mesmo erro por omisión das titulacións indicadas, debe corrixirse no cadro final da dita Base VII.

Por outra parte, na Base VIII.- Desenvolvemento do proceso.- Primeiro exercicio, onde consta “Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 60 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas, que determinará o dito órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada. Non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.”

Deberá constar “Consistirá en contestar por escrito, nun prazo máximo de dúas horas, a un cuestionario tipo test de 120 preguntas, con 4 alternativas de resposta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas, que determinará o órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Cualificarase polo órgano de selección de 0 a 10 puntos, sendo proceso conseguir cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:  $N=(A-F/3)/12$ .

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas falladas ou non respondidas.”

En consecuencia, á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, pola técnica de administración xeral que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO

“**Primeiro.**- Proceder, de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, á corrección dos erros materiais seguintes nas bases reitoras e convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2014, 2015 e 2016 (expte 31295-220), que foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 21 de marzo de 2018:

A) O apartado 15.- Oficial de Policía Local, Base VII.- Baremo para o concurso de méritos, apartado 1.- relativo ás titulacións académicas.

Pasará a contar coa seguinte redacción:

“1. Titulacións académicas . As titulacións para baremar serán as seguintes:

Título universitario de posgraao, doutor ou equivalente: 3,00 puntos.

Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos.

Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 puntos.

Bacharel, técnico ou equivalente. 0,50 puntos.

A puntuación máxima deste epígrafe 1, é de 4 puntos.

Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría a que se aspira, e si as adicionais no caso de que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, aos efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio estatal, debendo achegar o/a aspirante a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que esta se estableza e, se é o caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.”

O mesmo erro por omisión das titulacións indicadas, debe corrixirse no cadro final da dita Base VII.

B) O apartado 15.- Oficial de Policía Local, Base VIII.- Desenvolvemento do proceso.-

Pasará a contar coa seguinte redacción:

“Consistirá en contestar por escrito, nun prazo máximo de dúas horas, a un cuestionario tipo test de 120 preguntas, con 4 alternativas de resposta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas, que determinará o órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Cualificarase polo órgano de selección de 0 a 10 puntos, sendo proceso conseguir cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:  $N=(A-F/3)/12$ .



## Concello de Vigo

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas falladas ou non respondidas.”

**Terceiro.-** Acordar que as referidas rectificacións se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia e no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, sen prexuízo da publicación do seu anuncio nos diarios e boletíns oficiais en que proceda e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org)”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(558).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO ENCONTRO DA RÚA SANJURJO BADÍA CO BARRIO DAS FLORES. EXPTE. 5107/440.**

Visto o informe de fiscalización do 15/05/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 15 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización do encontro da rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores (5.107-440)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización do encontro da rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores (5.107-440)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Excluir deste procedemento a PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Fomento o 23 de abril de 2018.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización do encontro da rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores (5.107-440) na seguinte orde descendente:*

	Licitadores	Puntuación
1	ORESA, S.L.	92,59
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	86,83
3	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	85,93
4	EXCAV. Y CONSTRUCC. MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	84,36
5	NAROM, S.L.	83,93
6	ELSAMEX, S.A.	81,53
7	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	78,64

*Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 827,36 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA, S.L., o día 4 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 11 de maio, dentro do prazo concedido.



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 15 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORESA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORESA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 5 e 24 de abril de 2018, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ORESA, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización do encontro da rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores (5.107-440) por un prezo total de 454.877,49 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 78.945,68 euros.*”

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**16(559).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A VENDA DA PARCELA MUNICIPAL Nº 3.928 DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19989/240.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 23/05/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e o concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

### **Antecedentes**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de maio de 2018, acordou entre outros asuntos:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, da venda da parcela municipal nº 3928 do Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Vigo.

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 10 de maio de 2018 e o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo Xefe da Oficina de Supervisión Proxectos, I.Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 19 de marzo de 2018.

Terceiro.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.





## Concello de Vigo

II.- Revisado o expediente detectase que se sinalou erroneamente a data de redacción do prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, onde si indicou a data de 10 de maio de 2018, sendo a correcta 15 de maio de 2018.

### **Fundamentos técnicos e xurídicos**

I.- O artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que as administracións públicas poderán, asimesmo, rectificar en calquera momento, de oficio o a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

II.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Polo anteriormente exposto, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Rectificar o erro no Acordo da Xunta de Goberno de data 22 de maio de 2018 no referente á data de redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación, polo que o mesmo debera figurar como segue:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, da venda da parcela municipal nº 3928 do Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Vigo.

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 15 de maio de 2018 e o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo Xefe da Oficina de Supervisión Proxectos, I.Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 19 de marzo de 2018.

Terceiro.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(560).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez